

# Bloque 4.

## Idade do Ferro.

### ▪ Introdución.

A Idade do Ferro en Galicia está representada por unha parte do **Fenómeno Cultural Castrexo**, fenómeno cultural, que non cultura, encadrado en varias épocas e culturas: Arrinca no Bronce Final, desenvólase na Idade de Ferro, evoluciona na Época Romana e continúa ate os principios da Idade Media.

O común denominador do castrexo é a existencia de poboados fortificados, **castros**, dos que recibe o seu nome.


Para algúns, os **castros** están directamente relacionados cos celtas, este vínculo débese a autores do século XIX que na procura dun pasado heroico buscaban achegas externas que outorgaran grandeza á nosa Historia, como se sen elas non a tiveramos. Para gregos e romanos falar de celtas é como para os Casteláns en América falar de indios. Realmente para eles significaban estranxeiros, sen diferenciar uns pobos e outros, nin unhas rexións doutras. A existencia dun grupo lingüístico común que forma parte do indoeuropeo establece unhas relacións cunha área que abrangue a toda Europa ó Oeste do Rin e boa parte do val do Danubio, grupo que nunca formou unha unidade cultural, nin social, nin política. Os vencellos do castrexo coas culturas de La Tène e do Hallstat son anecdóticos e tamén comúns ás áreas mediterráneas. Así pois, debemos considerar o Fenómeno Cultural Castrexo como froito dunha evolución das culturas e sociedades existentes no solar galego, onde o concurso de influxos atlánticos, continentais e mediterráneos foron decisivos para a súa formación, sen aportes de continxentes humanos externos.

A grandes resgos a **economía** seguíase baseando na agricultura e a gandería, sen esquecerse da pesca, da recoleita e da explotación de recursos mariños. Practicarán actividades mineiras e potenciarán os intercambios comerciais a longa distancia cara as áreas atlánticas e mediterráneas. O nacemento das elites sociais e económicas na etapa anterior produce nos castros unha maior desigualdade social. Froito desta, consolídase o rol do guerreiro como grupo social preeminente, contradictoriamente a isto, non existen documentos que nos permitan falar de sociedades belicosas.

Na cultura material observamos un grande pulo na cerámica e tamén no traballo dos metais, especialmente na ourivería, aínda así, seguiron facendo ferramentas en pedra.


### ▪ Os Castros.

A presenza destes xacementos fortificados parece traer implícita unha sociedade onde o bélico tivo grande importancia, quizais as elites dos poboados lucían elementos propios dos **guerreiros** como símbolos de diferenciación e privilexios. Os autores clásicos recalcaron a belicosidade dos pobos do Noroeste como parte do seu discurso propagandístico que xustificase a utilización de métodos violentos para colonizar a nosa terra. Coa chegada dos romanos e a pacifica-




**Castro de Baroña**

O Castro de Baroña (Porto do Son) é o paradigma dos castros costeiros, emprazados nunha península.



### Emprazamentos dos castros

Os emprazamentos dos castros procuraban uns lugares de fácil defensa e unha proximidade ás áreas de explotación agrícola e gandería: os diferentes tipos de emprazamento podémolos resumir nestes catro: castro de chaira, próximos ás mellores terras agrícolas; castros de ladeira, de boas defensas e algo distante ás áreas de cultivo; castro de outeiro no que predomina o valor defensivo; castro costeiro de aproveitamento de recursos mariños.



### Sistema defensivo

Do exterior dun castro cara ó seu interior podemos descubrir os seguintes elementos: pedras fincadas que entrapen o avance do inimigo; terrapléns ou parapetos separados por foxos secos situados a modo de barréras; e as murallas de pedra que estaban corcadas, como algún parapeto, cunha estaçada.



### Portas nas murallas

As portas, como punto feble da defensa, podían estar protexidas por torres laterais, maiormente a principal.

ción deste país, a construción dos castros deixaría de obedecer a motivacións estritamente defensivas, agora serían símbolos da identidade social e territorial do pobo que os habitaba, diferenciándose dos asentamentos dos romanos e dos nativos máis aculturados.

Na fase inicial os castros aséntanse en lugares elevados, de fortes pendentes que posúen moi boas condicións naturais para a defensa, pero que están afastados das mellores terras de cultivo. A partires do século IV a.C. aparecen novos tipos de asentamentos, en emprazamentos con menores aptitudes defensivas, pero onde primaba a proximidade ás terras de mellor potencialidade agrícola. Posteriormente, a partires do século I a.C., continúa a dinámica anterior, aumentando, nalgunhas áreas, os tamaños dos xacementos.

Os diferentes tipos de **emprazamentos** podémolos esquematizar en catro grandes grupos: Castro de chaira, implantado nas chairas interiores; Castro de ladeira, situado na ladeira, normalmente próximo a un cambio de pendente; Castro de outeiro, construído nos cumios de pequenos montes ou nas divisorias de augas; e o Castro costeiro, asentado nunha península.

As **plantas** dos castros adoitan estar moi condicionadas pola forma natural do terreo onde se implantan; buscando ben sexa unhas boas características cara á defensa, ou ben unha proximidade ós recursos naturais ou vías de comunicación. En termos xerais adoptan formas circulares ou elípticas, ocupando unha superficie variable entre 500 m<sup>2</sup> dos máis pequenos ate os 100.000 m<sup>2</sup> dos grandes castros de época romana; non obstante a extensión media rolda os 10.000 m<sup>2</sup>.

Os **sistemas defensivos** dos castros son moi variados, o primeiro elemento estratéxico adoita ser o propio emprazamento xeográfico, escollendo lugares con boas condicións naturais para a defensa. Poden contar con elementos simples, ou múltiples; existindo casos nos que tan só existe un elemento defensivo construído, e outros nos que están presentes tódolos posibles. Ás veces o achaiamento do lugar de ocupación proporciona un volume de terra suficiente para dotar ó xacemento dun primeiro terraplén.

Nunha primeira ollada ó interior dun castro podemos observar un conxunto atelgado de construcións sen orde aparente. En sentido estrito nos castros non existe **urbanismo**, se consideramos como tal a planificación dos elementos que constitúen o trazado urbano, incluíndo as construcións habitacionais, lugares públicos (prazas), elementos comúns de abastecemento (pozos, alxibes), etc. A realidade está lonxe deste concepto, pero tamén da aparente anarquía constructiva; Dentro do poboado existe un agrupamento de edificacións individuais (cabanas, cortes, celeiros...) que corresponden a células unfamiliares que se relacionan entre elas ó chou.

Aparente anarquía constructiva      Agrupación constructiva unifamiliar

**Ordenación do espazo interior**

A aparente anarquía constructiva dos castros agocha unha ordenación do espazo interior en base ó agrupamento dunha serie de construcións que configuraban unidades familiares. As unidades, ou barrios, están compostos por unha cabana con lareira (vivenda) e outras cabanas que terían a función de celeiros, cortes e alpendres. Todas elas manteñen entre si unha comunicación directa e amósanse de costas ós outros grupos ou barrios. Existen dous tipos básicos, a agrupación nuclear, onde as edificacións se abren cara a un pequeno patio, ás veces, lastrado; e a agrupación lineal, coas construcións dispostas en liña cara unha plataforma parecida a unha beirarrúa. Os barrios adoitan ter uns pequenos muros que axudan á súa separación dos máis.

As **construcións** agora son de pedra e con teitos de colmo e lousa, aínda que coa chegada dos romanos empregáranse as tellas curvas e planas propias deles. As plantas das construcións pódemolas dividir en catro grupos principais atendendo á súa forma xeral: circulares, elípticas, cadradas e rectangulares. A forma da planta non ten un compoñente cronolóxico algún. Nos castros tamén atopamos algunhas cabanas de grandes dimensións que poderían ser usadas para reunións, ademais dunha especie de saunas, pozos e alixibes.

Cabana circular con pórtico dun castro de Época Romana (Santa Tegra, A Guarda).

**Construcións**

As cabanas dos castros son, polo xeral, de pequenas dimensións, poden ter plantas simples ou ter arimados pórticos onde instalaban fornos e almacéns de pedra. As plantas son de forma circular, elíptica, cadrada ou rectangular, coa singularidade de que non enlazan os muros dos pórticos nin dos arimados, e as esquinas son redondeadas. A evolución de tipos circulares a rectangulares non é certa, pensemos nas cabanas alongadas do Neolítico, nos castros conviven distintos tipos de plantas, sen que iso supoña unha característica cronolóxica.

**Gandería**

Nos castros comían fundamentalmente ovellas, cabras e vacas, a presenza do porco é menor. Ovellas e cabras sacrificábanse xoves, mentres que as vacas comíanse vellas e o porco matábase cunha idade superior ó ano.

▪ **Economía e Sociedade.**

A **economía** castrexa era eminentemente autárquica, províase internamente dos produtos esenciais gracias a un sistema de economía autosuficiente que conxugaba o policultivo coa gandería, a recolección e a artesanía. Complementando este sistema existían intercambios, tanto de bens de uso común, como de elementos suntuarios. Xa dende a Idade do Bronce se documenta un comercio a longa distancia con pobos do Mediterráneo e do Atlántico. A aparición de restos de procedencia púnica, grega e italiana confirman estas relacións. A pesares da existencia destes intercambios comerciais o sistema monetario será introducido polos romanos nos castros terá pouca importancia, o troco valecerá ata a Época Contemporánea.

A **agricultura e gandería** eran a base da subsistencia. A agricultura baseábase no cultivo dos cereais (trigo, cebada e millo miúdo), consumíase co cultivo de pequenas hortas onde eran frecuentes os chícharos, as verzas e as fabas, e complementábase coa recoleita de froitos silvestres (landras, piñóns, etc.). A gandería supoñía o maior aporte enerxético á dieta castrexa, especialmente de ovellas, cabras e vacas; o porco era a especie de menor consumo. Aproveitaban os recursos mariños coa pesca e marisqueo, mentres que a caza era pouco común.

Coñecemos testemuñas da **metalurxia** do bronce nos castros, pola aparición de restos de crisóis e de moldes de fundición, cos que producían fibulas, alfinetes, agullas e apliques de arrees e cintos. Da fundición de ferro non sabemos de restos, probablemente fundíanse noutros lugares e nos castros nas forxas convertían as barras en coitelos, martelos, machados e foucinos. O carón da metalurxia desprégase unha minería rudimentaria para a obtención de ouro, prata, cobre, estaño e ferro.

Nos castros á vista dos restos faunísticos e vexetais atopados, podemos apuntar algúns datos encol da súa **alimentación**. A carne maiormente consumida era a de ovella e cabra, que podería ser asada ou cocida nunha ola. O vacún é o segundo grupo máis representado, mataban reses vellas que deberían ser abrandadas en guisos, como tamén acontecería coa carne de porco. Estas carnes serían guisadas con chícharos, fabas, verzas, froitos secos e tubérculos que cultivaban ou tiñan ó seu alcance. Dos animais tamén empregaban outros produtos como o leite, a manteiga e o queixo. Coas fariñas dos trigos, aveas, cebadas, trigo miúdo e landras farián pans e papas, con algúns cereais elaboraban cervexa. Nas proximidades do mar comían crus ou cocidos mexillóns, percebes, ameixas, ourizos, lapas, minchas, crustáceos e peixes.

No **espazo doméstico** determinado polas cabanas, ó redor do lume, realizaban actividades diversas: moían o cereal, cocían o pan, cocinaban, tecían nos teares e realizaban outros traballos artesanais. Coa dominación romana o espazo doméstico vólvese máis complexo, introducíuse os hábitos de comer na mesa e aparecen os fogares elevados que conviven coas lareiras.

A **sociedade** parece atoparse organizada en varias unidades sociais que dende o propio individuo vanse xerarquizando e complicando ata un grupo moi extenso que podería ser definido como unha tribo. O punto de partida para esta organización sería a persoa individual (*ego*). Seguidamente no cuarto orde estarían as distintas unidades familiares que compoñían o castro, unidades familiares que podían formar parte da poboación doutros

**Recoleita**

A agricultura era moi semellante á da Idade de Bronce, cultivaban cereais valéndose do arado, pero tamén tiña gran importancia a recoleita de froitos silvestres como as landras.

castros. O terceiro orde corresponde cos colectivos que aparecen na epigrafía latina despois do signo  $\Xi$ , *castellum*, son grupos amplos de parentesco ben localizados no territorio que gozaban de certa independencia xurídica e política. Na seguinte orde aparece o *populus*, entidade que agrupa a varios populi e está dirixida por unha especie de réxulo (*princeps*). Por riba desta estrutura, podería existir unha entidade maior, a tribo, aínda que o sentimento de formar parte dela parece non ter sido moi forte: no Noroeste peninsular estarían Galai-cos, ou *Callaicos*, Astures e Lusitanos.

▪ Artesanías.


A meirande parte das producións e utensilios requiridos para a vida diaria eran de elaboración propia, ó carón deles aparecen produtos procedentes do comercio local executados por artesáns especialistas, e obxectos traídos de áreas máis lonxanas.

A **cerámica** acadada nesta época a súa máxima expresión, xurdirán novas e complicadas formas, con decoracións xeométricas de gran beleza e plasticidade. Na técnica de elaboración incorpórase o torno baixo que axudará a facer vasillas máis grandes e uniformes, cos novos fornos acadaranse maiores temperaturas que proporcionarán cerámicas máis resistentes. As formas das vasillas van dende olas con perfís sinuosos a xerras, na Época Romana aumentará a presenza de fontes e pratos.

A **fundición** e a **forxa** están ben documentadas nos castros: a fundición do cobre e a forxa do ferro. De bronce aparecen fibulas e fibelas, machados, puñais, e espadas. De ouro adornos persoais (arracadas, torques, braceiros). De ferro consérvanse *sítulas* -caldeiros-, cravos, compases, puñais, coitelos, machados, e outras ferramentas. Dentro dos traballos de fundición de bronce merecen especial atención as fibulas e as fibelas, prendedores que eran usados para suxeita-las distintas prendas de roupa para se vestir.

Para a elaboración da farinha é necesaria a **moenda** do cereal ou das landras, utilízanse dous tipos ben diferenciados de muiños manuais: o plano ou barquiforme, de tradición neolítica, e o circular, considerado como achega romana e que existía en Galicia trescentos anos antes da chegada do invasor.

O **tecido** acadou un grande pulo, empregando como materia prima a lã, o liño, e, incluso, outras fibras vexetais como a ortiga. Para o fiado utilizaban fusos compostos dun pao e un contrapeso de forma circular ou de peón (fusaíola). Os teares eran verticais e os fios do urdimento tensábanse con pesas de pedra ou cerámica. Os panos eran coloreados con tinturas extraídas fundamentalmente das plantas. A



**Espacio doméstico**

O espazo doméstico estaba definido p das cabanas dedicadas á vivenda, nelas comían e durmían pero tamén realizaban algúns traballos artesanais e gardaban parte das colleitas.




Os castrexos utilizaban na olería o torno lento: a anxila colócase nunha especie de roda horizontal que se fai xirar coa man ó redor dun eixe central, así, cun barro máis fresco, fanse con maior rapidez vasillas de diferentes formas e tamaños. Como con este torno non se acadaba grande velocidade, as producións eran algo irregulares.

**Torno lento**




**Vasilla de Vixil**

No Castro de Vixil (Vilalba) procede esta vasilla cerámica, profusamente decorada utilizando varias técnicas (plástica, incisión e impresión), combina agrupacións de mamalóns con liñas horizontais.



**Puñal de Ferro**

Fdla de puñal feita en ferro, presenta dobre fio paralelo e converxente na punta, mostrando unha marcada nervadura central. Nos castros aparecen poucas ferramentas metálicas para cortar, seguían elaborando utensilios de pedra lascada para suplir a escaseza do ferro.



**Fibulas**

As fibulas son unha especie de imperdibles utilizados para a suxeición das teas coas que se vestían, ademais desta función tamén servían de adorno. No mundo castrexo a maioría están feitas en bronce, aínda que aparecen algunhas de ouro e outras con adornos de prata. Constan de tres partes fundamentais: agulla, varíña aguzada que atravesa as vestiduras: cabeza, resorte do que parte a agulla; arco, é o corpo da fibula. Ademais destas partes, poden conter moitas outras segund o a súa propia complexidade. A variedade de formas é moi grande, dende as simples anulares ou circulares ata as complexas de longo travesaño sen espira, pasando polas de omega e charnéa.

pesares da importancia dos tecidos para elaborar vestimentas, os castrexos tamén gustaban das peles e coiros para se vestir.

O traballo da **madeira** debeu ter moita importancia nesta época, a xulgar pola presenza de ferramentas de ferro (aixolas, garlopas, machados) destinadas á súa transformación. De madeira tiñan obxectos como espátulas, culleres, cuncas e fontes empregadas na cociña, pero tamén facían portas, cadeiras e bancos. Utilizaban as técnicas de cestería para facer diferentes tipos de cestos e tamén para facer algunhas construcións.

Aínda que no mundo castrexo a existencia de materiais metálicos vai acadando certa importancia, o emprego da **pedra** como material para facer utensilios segue sendo moi importante, aparecen instrumentos lascados como burís e raspadeiras, xunto con outros de pedra pulida como aixolas e machados.




**Muiños**

Muiño: é rotatorio, conta cunha base ou pé (meta) cunha parte superior cónica, e unha peza superior ou moa (*cañillus*) de forma bitronco-cónica; manualmente faise xirar a moa sobre a base, e o frito cae entre as dúas pda perforación central.



**O tecido**

Cos novos teares podíanse facer teas máis longas e máis doadamente. Agora os fios da trama cdgan dende o alto do tear e mantéñense tensados con pesas de pedra ou cerámica, pasando un fio transversal ós anteiores vaíse tecendo os panos. As vestimentas eran sinxelas, con poucas costuras, abondando as capas e túnicas que suxeitaban con fibulas.




▪ **Arte.**

No castrexo desenvolvéronse con profusión as artes plásticas agás a pintura, a ourivería acadou gran virtuosismo, especialmente nos adornos persoais como torques, diademas e arracadas, mentres que a escultura e o relevo, serán desenvolvidas nas derradeiras etapas, ofrecéndonos motivos xeométricos, zoomorfos e antropomorfos.

A **ourivería** que hoxe coñecemos foi maiormente recuperada en castros da Época Romana, non sabemos se na súa produción tiveron máis importancia as tradicións autóctonas ou os influxos culturais das áreas mediterráneas, tamén descoñecemos cales deses obxectos foron producidos localmente, e cales son produto da importación. Dentro deles os máis coñecidos son os torques, colares metálicos semirrixidos, feitos de ouro, bronce ou prata, que están compostos dunha varíña en forma de arco moi pechado con dous remates en cadanseu extremo; vincúlanse a personaxes masculinos das elites guerreiras. As arracadas son adornos persoais que pendían cunha suxeición flexible do pavillón auricular, e colgaban por debaixo do lóbulo da orella: parecidos ós pendentes actuais.

A **escultura** castrexa desenvólvese coa chegada dos romanos, sendo máis abundosa nas áreas meridionais, onde a influencia dos invasores foi maior. A figura humana aparece en forma de **estatuas de guerreiros** e cabezas humanas. As estatuas son representacións de guerreiros galaicos de medio corpo ou corpo cortado á altura das coxas, executadas de xeito esquemático, de vulto redondo, e dotadas dunha gran rixidez. Representan a guerreiros galaicos coas súas armas e adornos distintivos, a imaxe das estatuas de romanos ilustres que as elites aculturadas dos castros querían emular.

En **relevo** lábranse unha gran cantidade de pezas que presentan moi diversos motivos xeométricos e curvilíneos, como rosáceas, trisqueis, tetrátrisqueis, esvásticas, oitos entrelazados e outras moitas variantes. Maiormente formaban parte da decoración arquitectónica con pezas incluídas nos muros ou decorando xambas ou dinteis. Este tipo de decoración ten unha innegable influencia mediterránea.



▪ **Relixión.**

Do castrexo non temos restos do **ritual funerario**, a práctica da incineración dos cadáveres deixa poucas pegadas para a arqueoloxía se as cinzas non se depositan en urnas como acontece noutras áreas de Europa. En Galicia dende as fases serodias da Idade do Bronce até a Época Romana non contamos con restos funerarios. As manifestacións artísticas desta época proporcionan escasos datos relativos á relixiosidade das xentes, para avanzar no seu coñecemento resultan imprescindibles as fontes escritas (literarias, e epigráficas) producidas polos ámbitos romanos. Estas fontes realizadas por romanos ou por nativos aculturados darán máis importancia ós elementos comúns entre as dúas relixións, no canto de sinalaren as diferencias.

O complexo mundo da relixión castrexa recolle o culto a unha serie de **divindades** que se poden encadrar en tres estratos. No primeiro estarían as deidades relacionadas coas **forzas da natureza**, ás augas e ó lóstrego que recibía culto nos cumios das montañas, como o Xúpiter romano. Os deuses da guerra como Cosus encarnarían o furor dos guerreiros, tamén ten o seu reflexo en Marte e Hércules.

No segundo estrato estarían os deuses da **fecundidade**, da fertilidade e da riqueza, relacionados coa relixión dos primeiros campesiños rendíase culto ós elementos que participaban na subsistencia da comunidade.

No terceiro nivel podemos situar unha serie de **cultos acuáticos** como o rendido á deusa Navia ou ás Ninfas, cultos ás **plantas** e ás fragas como Lugh, e tamén cultos ó **gando**. De tradición neolítica persiste o culto ós deuses das encrucilladas, encargados de guiar as ánimas dos mortos cara ó alén.

▪ **Materiais Expostos:**

<b>Vitrina-09</b>	<b>A alimentación</b>
Contén restos zoolóxicos e vexetais que foron utilizados como alimento nos castros; tamén se amosan outras especies vexetais comestibles que estaban ó alcance destas sociedades. Dentro dos restos zoolóxicos cabe salienta-la presenza de porco, ovella/cabra, vaca e cabalo, xunto cun amplo abano de especies mariñas como mexillón, lapa, mincha, ourizo, etc.	

**Vitrina-10**

Cerámica

Amosa vasillas cerámicas características deste período procedentes do Castro de Vixil, Boizán (Vilalba).

**Vitrina-11**

Útils e ferramentas

Recole diferente material procedente de varios castros galegos. Dentro dos materiais metálicos destacan dúas fibulas, un fragmento de torques, unha folla dun puñal, un compás, etc.; de pedra cóntase con dúas aixolas de pedra pulida, un buril de pedra lascada, e varias pesas.

## Conceptos relativos ás diferentes Unidades:

**Unid. 1**

Infantil / 1º Ciclo de Primaria

- Os habitantes dos castros.
- Aldeas amuralladas.
- Utensilios de ferro.

**Unid. 2**

2º Ciclo de Primaria

- O mundo castrexo.
- Fortificación dos poboados.
- Gandería, agricultura, pesca e marisqueo.
- Vístense con telas e utilizan imperdibles (fibulas).
- Ferramentas e utensilios de ferro.

**Unid. 3**

3º Ciclo de Primaria

- Os castros: murallas e construcións.
- Gandería e agricultura; recoleita e marisqueo.
- Vida cotián.
- Obxectos de metálicos: ferro, bronce e ouro.
- Labras castrexas.

**Unid. 4**

1º de ESO, Historia

- Os castros: emprazamentos e arquitecturas.
- Economía labrega co complemento da recoleita (landras e mariscos).
- A sociedade castrexo.
- Artesanías.
- Arte castrexo.
- Ritual funerario: incineración.

**Unid. 5**

2º Ciclo da ESO, Cultura Clásica

- As sociedades castrexas.
- Os castrexos segundo os romanos.
- Aculturación e resistencia ó invasor.
- Pervivencia dos castros en época romana.
- Relixión castrexo.

**Unid. 6**

2º BAC, Historia

- Fenómeno Cultural Castrexo: límites cronolóxicos e xeográficos.
- Economía castrexo: produción e depreación.
- Vida cotián.
- Celtismo e sociedades guerreiras.
- Elementos metálicos: forxa e fundición.
- Artesanías (cerámica, tecido, etc.)
- Manifestacións artísticas.
- Relixión e prácticas funerarias.

**Unid. 7**

2º BAC, Historia da Arte

- O Mundo Castrexo.
- Ourivería.
- Escultura e relevo.

**Unid. 8**

BAC, Linguas Clásicas

- Cultura e sociedade castrexo.
- Cambios no mundo castrexo coa chegada dos romanos.
- Arte castrexo: tradición e influencia romana.
- Relixión castrexo.

**Unid. 9**

1º BAC, Filosofía

- A sociedade castrexo.
- Relixión castrexo.